

MARCO PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO E DETERMINACIÓN DO GASTO NON FINANCEIRO 2022-2024.

Primeiro. Lexislación aplicable.

- Artigo 135 da Constitución Española.
- Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria de 2 de marzo de 2012 e demais normativa europea sobre Estabilidade Orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEP).
- Texto refundido da Lei de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo) (TRLFL).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, Regulamento de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Corporacións Locais. (RAPEL)
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LOEP.
- Acordo do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o período 2020 a 2023, e límite de gasto non financeiro nos orzamentos do Estado para 2020.
- A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, desenrola os requisitos aplicables ós marcos orzamentarios dos Estados membros.

Conforme o artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, obriga ás Administracións Públicas a elaborar un plan orzamentario a medio prazo no que se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.

Estes marcos orzamentarios a medio prazo abranguen un período mínimo de tres anos e conterán entre outros parámetros:

- Os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública de cada Administración Pública.
- As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta a súa previsible evolución tendencial, é dicir, baseadas en políticas non suxeitas a modificacións, coma o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.



Os marcos orzamentarios servirán de base para a elaboración do programa de estabilidade.

Segundo. Programa de estabilidade.

O Programa de estabilidade actualizado polo Acordo do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020 establece unha “taxa de variación nominal” do PIB do 2,9% en 2020, do 3,0% para 2021, do 3,2% para 2022 e do 3,3% para 2023. No acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022, para o exercicio 2023 “as Entidades Locais terán unha taxa de referencia equivalente a un superávit do 0,1% do PIB, fronte ao superávit do 0,2% recollido no Programa de Estabilidade de abril”.

Terceiro. Obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En sesión celebrada o pasado 22 de setembro, o Pleno do Congreso dos Deputados apreciou, por maioría absoluta, que «as consecuencias do estalido da guerra en Europa e dunha crise enerxética sen precedentes que está a sufrir en España» son unha situación de emerxencia extraordinaria, que xustifica aplicar a previsión constitucional que permite ao Estado e ás comunidades autónomas superar os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública conforme ao previsto nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para 2023. Isto implica deixar sen efecto os obxectivos de estabilidade e de débeda pública e non aplicar a regra de gasto en 2020, 2021, 2022 e 2023. En calquera caso, aínda que quedan suspendidas todas as limitacións en materia de cumprimento de regras fiscais, deberán manterse as medidas de seguimento e supervisión, imprescindibles para o equilibrio das finanzas públicas. Por isto, entendemos que debe acompañarse aos orzamentos dos informe sobre de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria.

Cuarto. Estrutura do marco orzamentario a medio prazo da Deputación para os exercicios de 2022 a 2024, (Datos consolidados Deputación, Fundación E. Enfermería, o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento e o Consorcio Contra Incendios e Salvamento Deza - Tabeirós).

O artigo 4 do RAPEL establece que as entidades locais, os seus organismos autónomos e demais entes públicos dependentes, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ó principio de estabilidade. En consecuencia, o marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector das Corporacións Locais da Contabilidade Nacional dentro da entidade local.



A tal fin, consolidamos os importes correspondentes a esta Deputación, a Fundación Escola de Enfermería, o correspondente ó Consorcio contra Incendios e Salvamento Provincial, nos que mantemos unha participación do 50% e ó Consorcio contra Incendios e Salvamento Deza-Tabeirós, no que mantemos unha participación do 42%, figurando no Inventario como dependentes desta Deputación.

INGRESOS:

Estimación Dereitos recoñecidos netos.

A) Detalle dos ingresos correntes	Ano 2022 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2022/2021	Ano 2023 (Previsión iniciais)	% taxa variación 2023/2022	Ano 2024 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	29.162.039	-1,11%	28.839.258	2,00%	29.416.043	
Imposto sobre Actividades Económicas	4.250.000	12,80%	4.794.129	0,00%	4.794.129	TAXA VARIACIÓN PIB
Cesión de impostos do Estado	24.912.039	-3,48%	24.045.129	2,40%	24.621.914	TAXA VARIACIÓN PIB
Capítulo 3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	15.354.503	-5,23%	14.551.201	2,00%	14.842.225	TAXA VARIACIÓN PIB
Capítulo 4. Transferencias correntes.	143.894.730 €	-3,50%	138.858.726	0,95%	140.178.085	
Participación nos tributos do Estado	138.259.231	-3,08%	133.998.123	2,00%	136.678.085	EN 2022 LIQUID SUII IVA 2017
Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)	5.635.499	-13,75%	4.860.603	-27,99%	3.500.000	(+ -) INGRESOS PROXECTOS UE+ % PIB
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	201.456	17,61%	236.927	-5,00%	225.081	DEREITOS DE SUPERFICIE, FONDOS * VARIACION EURIBOR (criterio de prudencia)
Total de Ingresos correntes	188.612.728	-3,25%	182.486.112	1,19%	184.661.434	



B) Detalle de ingresos de capital	Ano 2022 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2022/2023	Ano 2023 (Previsión inicial)	% taxa variación 2023/2024	Ano 2024 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 6. Venda de inversións	1.034.434	-3,28%	1.000.500	-10,04%	900.000	INGRESO VENTA PARCELAS, PRÓXIMOS EJERCICIOS CRITERIO DE PRUDENCIA
Capítulo 7. Transferencias de capital	3.547.637	-60,51%	1.400.791	114,16%	3.000.000	INGRESO PENDIENTES DE PROYECTOS EJECUTADOS EN EJERCICIOS ANTERIORES, PRÓXIMOS ESTIMACIÓN NUEVOS PROYETOS UE CON CRITERIO DE PRUDENCIA
Total de Ingresos de Capital	4.582.071	-47,59%	2.401.291	333,94	3.900.000	
Total de Ingresos NON FINANCEIROS...	193.194.799		184.887.403		188.561.434	

C) Detalle de ingresos financeiros	Ano 2022 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2022/2023	Ano 2023 (Previsión inicial)	% taxa variación 2023/2024	Ano 2024 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	670.369	-25,41%	500.000	-40,00%	300.000	CRITERIO DE PRUDENCIA
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	0	0,00%	0	0,00%	25.000.000	DISPOSICIÓN PRÉSTATAMOS CONTRATADOS EN 2021 EN 2024
Total de Ingresos Financeiros	670.369	-25,41%	500.000	4960,00%	25.300.000	
Total de Ingresos...	193.865.169	-4,37%	185.387.403	15,36%	213.861.434	



GASTOS:

Estimación Obligacións recoñecidas netas.

A) Detalle de gastos correntes	Ano 2022 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2022/2023	Ano 2023 (Previsión inicial)	% taxa variación 2023/2024	Ano 2024 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 1. Gastos de persoal	49.838.954 €	10,42%	55.030.402,23	2,50%	56.406.162,00	INCREMENTO GASTOS PERSONAL 2023 1,5%(2022)+2,5%, MÁIS "PEET" E NOVOS PROXECTOS CON FINANZAMENTO DA UE. E OUTROS AXENTES
Capítulo 2. Gastos correntes en bens e servizos	33.712.296 €	20,28%	40.549.057,77	2,50%	41.562.784,00	INCREMENTOS ELEVADOS DO IPC (SUBMINSITROS), CRITERIO DE PRUDENCIA PROXIMOS EJERCICIOS
Capítulo 3. Gastos financeiros	376.578 €	-72,09%	105.102,00	-4,60%	100.271,28	XUROS PRESTAMOS, E DEPÓSITOS EN ENTIDADES FINANCEIRAS CAIDA OU DESAPARICIÓN EN 2023
Capítulo 4. Transferencias correntes	27.459.514	7,97%	29.647.708,00	0,00%	29.647.708,00	TAXA PIB+ PLANES CONCELLOS E AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS LUCRO, MAS ACHEGA PROX.
Capítulo 5. Fondo de continxencia	0		0,00	0,00%	0,00	Créditos iniciais, Non se prevé recoñecer obrigas
Total de Gastos Correntes	111.387.342	12,52%	125.332.270,00	1,90%	127.716.925,00	

B) Detalle de gastos de capital	Ano 2022 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2022/2023	Ano 2023 (Previsión inicial)	% taxa variación 2023/2024	Ano 2024 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 6. Inversións reais	17.927.420,00 €	-5,52%	16.936.999	-1,00%	16.767.629	EN FUNCIÓN DOS INGRESOS + NOVOS PROX. UE
Capítulo 7. Transferencias de capital	49.168.270,00 €	-15,42%	41.586.901	0,57%	41.822.171	EN FUNCIÓN DOS INGRESOS E DO "ORGANO DE CONTRATACIÓN" DOS INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS (CAP. 7º o 6º)
Total de Gastos Capital	67.095.690	-12,78%	58.523.900	0,11%	58.589.800	
GASTO NON FINANCEIRO	178.483.032	3,01%	183.856.170	1,33%	186.306.725	



C) Detalle de gastos financeiros	Ano 2022 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2022/2023	Ano 2023 (Previsión inicial)	% taxa variación 2023/2024	Ano 2024 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 8. Activos financeiros	600.000 €	-52,10%	287.400	108,77%	300.000	ANTIPOSO E PRESTAMOS A CONCELLOS E PERSOAL
Capítulo 9. Pasivos financeiros	727.119	-66,88%	240.833	-100,00%	0	CUOTA AMORT. PRÉSTAMOS
Total de Gastos Financeiros	1.327.119	-60,20%	528.233	13,59%	300.000	
Total Gastos...	179.810.151	2,54%	184.384.403	1,37%	186.906.725	

RESUME MAGNITUDES:

Saldos e outras magnitudes	Ano 2022 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	Ano 2023 (Previsión inicial)	Ano 2024 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Saldo operacións correntes	77.225.386	57.153.842	56.944.509	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	77.225.386	57.153.842	56.944.509	
Derivados de modificacións de políticas	0	0	0	
Saldo operacións de capital	-62.513.619	-56.122.609	-54.689.800	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-62.513.619	-56.122.609	-54.689.800	
Derivados de modificacións de políticas	0	0	0	
Saldo operacións non financeiras	14.711.767	1.031.233	2.254.709	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	14.549.766	1.031.233	2.254.709	
Derivados de modificacións de políticas	162.001	0	0	
Saldo operacións financeiras	-656.750	-28.233	25.000.000	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-656.750	-28.233	25.000.000	



Saldos e outras magnitudes	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Derivados de modificacións de políticas	0	0	0	
Saldo operacións non financeiras	14.711.767	1.031.233	2.254.709	
(+/-) Axustes para o cálculo de cap. ou neces. Financ. SEC	3.340.468	3.378.304	3.000.000	ESTIMA.30% D. FINANC. NEGATIVAS FINAN. (PROXECTOS FINANCIADOS UE)
Capacidade ou necesidade de financiación	18.052.235,07	4.409.536,53	5.254.709,00	
Débeda viva a 31/12	25.240.834,00	25.000.000,00	25.000.000,00	Préstamos concertado para investimentos 2021, (Programa REACPON)
A curto prazo	240.834,00	0,00	2.500.000,00	
A longo prazo	25.000.000,00	25.000.000,00	22.500.000,00	
Rateo débeda financeira viva/Ingresos correntes	13,38%	13,70%	13,54%	
Débeda p/PIE 2008	3.530.075,39 €	3.137.844,79 €	2.745.614,19 €	
Débeda p/PIE 2009	13.464.656,35 €	11.968.583,43 €	10.472.510,50 €	
Débeda p/PIE 2013	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Débeda total a 31/12	42.235.565,75 €	40.106.428,22 €	38.218.124,69 €	

Hipóteses do cadro:

Os dereitos correntes estímase que se poidan manter o longo do período, no exercicio 2022 aumentan en base as previsións de "Participación nos Tribos do Estado" entorno a un 3,5% e para 2023 e 2024, baixo un criterio de prudencia, estimamos que se manteñan nunha porcentaxe neta entorno o 2%.

Os ingresos recoñecidos por operacións de capital, no capítulo 6º, a "venta de parcelas", estímase que para 2022 poda acadar ou superar os 1.034.000,00€, en 2023: 1.000.000,00€ e 2024 que acaden 900.000,00€ (criterio de prudencia). Respecto do capítulo 7º, transferencias para proxectos e convenios, fundamentalmente coa UE e Concellos., en 2022 e 2023, deberían recoñecerse dereitos de parte dos investimentos dos proxectos pendentes, destacando os solicitados ao "IDAE" de "Iluminación Sostible, Iluminación nos BIC's e Substitución de caldeiras de biomasa". Para os próximos exercicios variará en función da concesión de novos proxectos financiados con fondos da UE para a "Recuperación e Resiliencia", estimando unha media de 3.000.000,00€, (criterio de prudencia).



As obrigas recoñecidas correntes estímase que poderán experimentar un crecemento entorno do 12,% para o período 2023, e un 2% para os próximos exercicios debido a:

- Os gastos de persoal variaran en función dos incrementos que recollan as leis de presupostos do Estado para cada exercicio, as contratacións que correspondan a novos proxectos con financiamento, fundamentalmente da UE e dos plans de estabilizacións de emprego (PEET) que se podan aprobar. Destacar que no exercicio 2022 recollese no C.C.I. Provincial o paso a xestión directa, implicando un incremento destacable no capítulo 1º e a correspondente minoración no capítulo 2º.
- Os créditos para gastos do capítulo II (gastos en bens e servizos correntes) estimamos que poidan experimentar un incremento medio do (15% en 2022 a 2023) debido a suba de prezos da enerxía de os subministros, cifra que pode variar en función dos novos convenios e proxectos cofinanciados que se podan aprobar. Para os próximos exercicios entendemos que deberían estabilizarse entorno do 2%.
- Os xuros baixan en proporción á caída do endebedamento, manténdose as obrigas non financeiras por xuros correspondentes a xestión tributaria local. A partir de 2024 os importe incrementaranse ao dispoñer dos novos préstamo contratados en 2021, (20.000.000,00€ a o tipo Eurobor 3M+0,49%, e 5.000.000,00€ a tipo fixo do 0,77%).
- Os créditos para gastos do capítulo IV (Transferencias correntes) estimamos que se manteñan estables, importes que poden variar en función dos novos convenios e proxectos que se xestionen.

Nos capítulos 6º e 7º, en 2022 e 2023 estimamos que se de un incremento importante nas obrigas recoñecidas en relación ós exercicios anteriores, a execución de investimentos e proxectos subvencionados, basicamente á Concellos, (POS, REACPON) e novos proxectos que reciban financiamento da UE mais dos programas para a “Recuperación e Resilencia” (criterio de prudencia).

O gasto corrente estrutural só debería medrar na medida en que medren os ingresos correntes estruturais.

Mantense o criterio de limitar ó máximo a autorización de gastos plurianuais, para non comprometer o aforro neto dos próximos exercicios que se estima que se manteña sen grandes crecementos.

O endebedamento financeiro, en 2022 remata a amortización da débeda contratada nos exercicios anteriores e en 2023 o anticipo concedido polo Ministerio de Industria para o plan Avanza. En 2021 contratáronse dúas operacións de préstamo con apertura de crédito, cun período de carencia e disposición de 3 anos (20.000.000,00€ a tipo variable: Eurobor 3M+0,49%; e 5.000.000,00€ a tipo fixo do 0,77%), para financiar o programa REACPON, amortizándose en 10 cotas anuais a partir de 2025. O respecto sinalar que se cumpre satisfactoriamente en todos os exercicios previstos os obxectivos de endebedamento, xa que están moi distantes do límite legal do 110% que fixa o artigo 53 do TRLFL.



Respecto da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, no artigo 11.4 establece que as Corporación Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, como forma de instrumentar o principio de estabilidade orzamentaria. O “plan orzamentario a medio prazo” elaborado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria estimándose un superávit, unha vez axustado de acordo cos criterios SEC, os importes correspondentes as desviacións negativas dos proxectos que contan financiamento da UE, e os importes descontados na “participación nos tributos do Estado”, correspondentes as liquidacións negativas dos exercicios 2008, 2009. En relación coa liquidación negativa de 2020 a previsión para 2022 é que o Ministerio de Facenda abone o importe equivalente o saldo negativo e para os exercicios 2023 e 2024 que nos orzamentos do Estado se engada a dotación necesaria para neutralizar o efecto de ditas devolucións. Baixo estes supostos de cumprirse as previsión de financiamento o superávit debería acadar unhas cifras medias entorno a 4 ou 5 millóns de euros nos próximos exercicios.

Quinto. Límite do gasto non financeiro (consolidado). Exercicios 2022 a 2024

Tal como se detallou nas táboas anteriores o “Marco orzamentario a medio prazo” que se acompaña e que foi elaborado seguindo os criterios legais e metodolóxicos antes sinalados (baixo un criterio de prudencia), reflicten un gasto non financeiro máximo (GNF), cun incremento para 2023 e 2024, motivado pola suba dos prezos mais a execución de diferentes plans de investimentos para Concellos, e as novas previsións de financiamento vía fondos da UE e dos programas para a “Recuperación e Resilencia”, reflectindo o detalle seguinte:

EXERCICIO	2022	2023	2024
Gasto non financeiro (GNF)	178.483.032,21	183.856.170,00	186.306.725,00
Gasto Total.	179.810.151,21	184.384.403,00	186.606.725,00

Asinado dixitalmente.

